

Luz Casal



Luz Casal (Boimorto 1958). É unha cantante de música *pop*, solista de grande fama e éxito internacionais.

Filla única, con só 6 meses de idade, os seus pais deixaron a pequena localidade de Boimorto para ir a Avilés, en Asturias. Pouco despois se instalarían en Xixón. Alí, Luz estudia piano, solfexo e ballet. Xa na adolescencia, comeza a formar parte de pequenas bandas de rock-pop, actuando e movéndose en áreas xeográficas próximas. Pero ela sempre perseguíu a ilusión de ser solista. Traballa e estudia moito a voz, interesándose pola lírica e estudando a técnica de *bel canto*. En 1977 marcha para Madrid, para tentar desenvolver mellor a súa carreira. Os seus primeiros pasos no mundo profesional os da a través de unha produtora independente, como corista. Durante esa época fará coros para os diferentes cantantes da compañía. Naquel intre, comezara xa a escribir e compor as súas propias cancións, das que grava algunhas que nunca serán publicadas. En 1980 publica o seu primeiro *single*, *El ascensor*, nun disco de homenaxe a Bob Marley. Pouco despois é contratada pola discográfica Zafiro. No 1982 grava o seu primeiro disco, *Luz*. Inclúe cancións súas, e outras compostas por Carlos Narea, Ramoncín, Roque Narvaja e Noel Soto. Nesa época grava por primeira vez un programa na televisión, e colabora en concertos e xiras con artistas como Miguel Ríos e o grupo *Leño*. Atópase logo no seu primeiro grande paso para chegar á fama.

O seu segundo disco, *Los ojos del gato*, comeza a darlle sona xa en outros países de Europa. Despois chegaría *Luz III* (1985) coa popular canción *Rufino*. Durante os anos seguintes realiza moitos concertos, varios deles en Checoslovaquia e Alemaña, en auditorios, festivais e televisión. En 1987 grava un tema con *The Christians*, e saca un novo disco, *Quiéreme aunque te duela*, mostrando a súa grande capacidade para a interpretación de baladas. Por aquele entón tamén participa en varios programas televisivos: *¡Qué noche la de aquel año!* de Miguel Ríos, e *Viaje con nosotros*, de Javier Gurruchaga. Posteriormente pasa a unha nova discográfica, Hispavox, e en 1989 publica *Luz V*, producido por Paco Trinidad e Chucho Merchán, coa dirección musical de Enrique Mateu. Esta gravación sería o seu grande salto ao éxito, contén tres dos seus maiores éxitos: *Loca*, *Te dejé marchar* e *No me importa nada*. En 1991 publica *A contraluz*, que consegue 6 discos de platino, e onde está o bolero *Piensa en mí*, que Pedro Almodovar escollería para o filme *Tacones Lejanos*. Agora, xa no seu momento de maior éxito, descansa durante catro anos se facer gravacións, pero actuando regularmente por todo o mundo, colaborando ou compartindo escenario con figuras de moitos países. Neste momento é xa unha figura moi recoñecida internacionalmente, en especial en Iberoamérica e Francia. Volta ás grabacións con *Como la flor prometida* (1995), que será o disco de maior número de vendas da súa carreira.

Comeza entón a publicar algunhas recopilacións de éxitos, algunhas delas só en Francia, con versións en francés de algunhas das súas cancións. Nese país convértese nunha artista verdadeiramente recoñecida, actuando nos teatros Olympia e La Cigale con grande éxito. No 1999 volta ás gravacións con *Un mar de confianza* e ás xiras internacionais. En 2001 consegue, xunto a Pablo Guerrero, un premio Goya á mellor canción orixinal por *Tu bosque animado*, da película *El bosque animado*.

A cunca. Escolma de persoeir@s

Pouco despois virán os discos *Con otra mirada* (2002) e *Sencilla alegría* (2004), no que pola primeira vez introduce influencias de outros estilos como o jazz e o flamenco, contando cun importante elenco de artistas colaboradores. Continúa publicando tamén discos de recompilacións de éxitos, que habitualmente edita tamén en versión francesa, con versións en francés. As súas obras máis recentes serán *Vida tóxica* (2007), *La pasión* (2009) e *Almas gemelas* (2013).

A primeira de estas tres últimas obras relaciónase co tratamento de quimioterapia que sufriu por mor dun cáncer de mama no 2007, do que se operará, pero que reaparece en 2010, sendo operada de novo. Debido a esta experiencia, organizou en Boimorto o *Festival de la Luz*, con carácter benéfico para recadar cartos para a Asociación Española contra o Cancro. Este festival tivo edicións en 2012 e 2013.

Fixo algunha incursión cantando en galego, con *Negra Sombra*, o famoso alalá adaptado para o poema de Rosalía. Este tema gravouno en colaboración con Carlos Nuñez e Ry Cooder. Tamén coincidiu no escenario, cantando cancións populares galegas, con outros músicos de folk, como o grupo *Luar na Lubre*.

Na actualidade, está a punto de sacar un novo disco, só en Francia, de homenaxe á cantante francesa Dalida, titulado *A mi manera*. Por outra banda, a súa actividade non cesa, continuando a dar xiras por todo o mundo.

Recibiu moitos premios e distincións, como a Medalla das Artes e as Letras de Francia (2009), o Premio V de Vida (2010), da Asociación Española Contra el Cáncer, a Medalla Castelao (2010), foi nomeada filla predilecta de Boimorto (2010), ten a medalla de ouro das cidades de Madrid (2010) e París (2010), e recibiu o Premio Nacional de las Músicas Actuales (2013).